

# Noiturno da noiva jarocha

Son veracruzano

*¡Ai que sin, que sin, que sin!  
¡Ai que non, que non, que non!  
O mar arrola ás estrelas...  
¡Ledo rolán de danzóns!*

*Teño unha noiva jarocha:  
cór, mel e arume de mangos,  
rítmico van de boleros,  
quente paixón de huapango.*

*Teño unha noiva jarocha:  
risas salgadas de mar,  
feros cumes de corrido,  
mourenza de señardás.*

*¡Ai que non, que non, que non!  
¡Ai que sin, que sin, que sin!  
¡Ai a canela das conxas!  
¡Ai os peitos de alhelí!*

*Sagro viño de luar  
en cálices de magnolia.  
As maracas do recendo  
tanxen un son de herbaboa.*

*Ando a esmoer meu degoro  
(chicle a acougar inquedanzas).  
Na preta noite do anceio  
os vagalumes da espranza.*

*¡Ai que non, que non, que non!  
¡Ai que sin, que sin, que sin!  
¡Quen puxera ron de bicos  
na piña do teu sorrir!*

*Doces rires de granadas,  
engados do amor e o vento.  
Bebedeira de falsetes  
a ferver nos tolos pleitos.*

*Tépedo corpo de soma  
de craridades espido.  
Tremor de estrelas e frores  
nunha cópula de ritmos.*

*¡Ai que sin, que sin, que sin!  
¡Ai que non, que non, que non!  
Son os meus brazos vencello...  
¡Seu van é feixe de sons!*

Por  
FLORENCIO DELGADO GURRIARAN